

Preocupados polo caso “Gara”

Non son poucos os problemas e retos, tecnolóxicos e humanos, que o xornalismo afronta nestes turbulentos tempos.

As e os xornalistas deberíamos estar preocupados pola propagación das «fake news», noticias falsas que existen desde sempre pero propáganse como nunca. Debería quitarnos o soño a crise de credibilidade e lexitimidade que sofren os medios de comunicación. Deberíamos poder dedicar tempo e esforzo a prestigiarlos, a explicar que, afortunadamente, os e as xornalistas pensamos de formas moi diversas, pero que detrás de cada noticia que un profesional do oficio compón existe un esforzo honesto por retratar unha realidade poliédrica que sempre terá diversos puntos de vista. Somos conscientes de que hai excepcións e estas son outra fonte de preocupación.

Os e as xornalistas deberíamos estar máis que preocupados polos 94 compañeiros e compañeiras mortas en 2018 en todo o globo mentres exercían a profesión. Sobre todo tendo en conta que os ataques a xornalistas adoitan ser, ademais, un indicador de violacións de dereitos graves e xeneralizadas contra a poboación civil.

Tamén deberían alarmarnos os máis de 10.000 postos de traballo perdidos no sector durante a última crise económica, só no Estado español. Deberíanos ocupar unha precariedade estrutural que a miúdo fai imposible conciliar o oficio cun proxecto de vida a longo prazo.^[1]

Deberíannos preocupar estes temas e moitos máis, e efectivamente preocúpannos. Amamos este oficio e asumimos como propios todos os retos que ten expostos. Son os nosos, con eles selamos o noso compromiso coa sociedade na que vivimos.

O que non debería ser obxecto de preocupación en pleno 2019 é o risco de quebra dun xornal como consecuencia dunha persecución xudicial que se alongou durante dúas décadas. “Egin” foi pechado de maneira ilegal en 1998, segundo recoñeceuno anos despois ata o Tribunal Supremo. Consideramos que endosar agora a súa débeda coa Seguridade Social a “Gara” é absurdo e castiga inxustificadamente a ese medio e aos seus traballadores.

Por iso queremos solidarizarnos cos nosos compañeiros e compañeiras de “Gara”. Queremos defender o seu dereito para facer xornalismo sen máis obstáculos que os xa mencionados. Queremos apoiar a liberdade de prensa e a pluralidade. As e os xornalistas temos suficientes problemas presentes e retos futuros como para ter que estar preocupados por fantasmas do pasado.